

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

11052 REAL DECRETO 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias. («BOE» 138, do 9-6-2001.)

A agricultura española, fundamentalmente desde a súa integración na Unión Europea, encóntrase inmersa nun novo contexto de mercados moito máis aberto, polo que xunto á súa tradicional función de produción de alimentos, debe dar satisfacción a novas esixencias económicas e demandas sociais.

A modernización das explotacións agrarias convértese por iso en elemento clave para soste e eleva-la capacidade de competir nos mercados, conserva-lo ambiente e mellora-las condicións de vida e traballo dos agricultores.

Estes obxectivos, plasmados na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, han de alcanzarse no marco da política europea sobre mellora das estruturas agrarias.

Resulta necesario, por iso, adapta-la regulación contida no Real decreto 204/1996, do 9 de febreiro, polo que se dictan normas relativas á modernización das explotacións agrarias, á nova regulamentación comunitaria en materia de mellora das estruturas agrarias de produción, contida no Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello, do 17 de maio, sobre axuda ó desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA), e polo que se modifican e derrogan determinados regulamentos, e no Regulamento (CE) 1750/1999, da Comisión, do 23 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello.

Por outra parte, o Real decreto 204/1996, do 9 de febreiro, foi obxecto de varias modificacións desde a súa publicación, polo que pareceu oportuno aprobar un novo real decreto que, ademais de recolle-los obrigados cambios impostos pola regulamentación comunitaria, simplifique e refunda a dispersa normativa actualmente existente en materia de mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias.

A aplicación do Real decreto 204/1996, o mesmo cá do Real decreto 1887/1991, do 30 de decembro, sobre mellora das estruturas agrarias, deu resultados satisfactorios, polo que este real decreto continúa as mesmas orientacións de actuación daquelas normas, introducindo os necesarios cambios para a súa actualización e establecendo unha nova ordenación sistemática co fin de facilita-la comprensión da disposición e mellora-la técnica normativa.

Consecuentemente, este real decreto regula as actuacións acollidas á acción común prevista na regulamentación comunitaria e aquelas outras que se consideran adecuadas para favorece-la solución de problemas estruturais da agricultura española.

As actuacións previstas na presente norma son cofinanciadas polo FEOGA, a Administración xeral do Estado e a das comunidades autónomas, conforme os programas operativos aprobados pola Comisión da Unión Europea.

Este real decreto dítase, sen prexuízo da aplicabilidade directa dos regulamentos comunitarios, en virtude da competencia estatal en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica prevista no artigo 149.1.13.^a da Constitución, unha vez

que foron consultadas tanto as comunidades autónomas como os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de xuño de 2001,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Obxecto e definicións

Artigo 1. *Obxecto.*

Co fin de contribuír ó desenvolvemento rural establece un réxime de axudas para a modernización das explotacións agrarias conforme o Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello, do 17 de maio, e a Lei 19/1995, do 4 de xullo.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto entenderase por:

1. Actividade agraria: o conxunto de traballos que se require para a obtención de produtos agrícolas, gandeiros e forestais.

Así mesmo, considerarase como actividade agraria a venda directa por parte do agricultor da produción propia sen transformación, dentro dos elementos que integren a explotación, en mercados municipais ou en lugares que non sexan establecementos comerciais permanentes.

2. Explotación agraria: o conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente polo seu titular no exercicio da actividade agraria, primordialmente con fins de mercado, e que constitúe en si mesma unha unidade técnico-económica.

3. Elementos da explotación: os bens inmobles de natureza rústica e calquera outro que sexa obxecto de aproveitamento agrario permanente; a vivenda con dependencias agrarias; as construcións e instalacións agrarias, mesmo de natureza industrial, e os gandos, máquinas e apeiros integrados na explotación e afectos a ela, das que o aproveitamento e utilización corresponden ó seu titular en réxime de propiedade, arrendamento, dereitos de uso e desfrute e mesmo por simple tolerancia do seu dono. Así mesmo, constitúen elementos da explotación tódolos dereitos e obrigas que poidan corresponder ó seu titular e se atopen afectos á explotación.

4. Titular da explotación: a persoa física ou xurídica que exerce a actividade agraria, organizando os bens e dereitos integrantes da explotación con criterios empresariais e asumindo os riscos e as responsabilidades civil, social e fiscal que poidan derivar da xestión da explotación.

5. Agricultor profesional: a persoa física que, sendo titular dunha explotación agraria, obteña alomenos o 50 por 100 da súa renda total de actividades agrarias ou outras actividades complementarias, sempre e cando a parte de renda procedente directamente da actividade agraria realizada na súa explotación non sexa inferior ó 25 por 100 da súa renda total e o tempo de traballo dedicado a actividades agrarias ou complementarias sexa superior á metade do seu tempo de traballo total.

Para estes efectos, consideraranse actividades complementarias a participación e presenza do titular, como consecuencia de elección pública, en institucións de carácter representativo, así como en órganos de representación de carácter sindical, cooperativo ou profesional, sempre que estes se atopen vinculados ó sector

agrario, as de transformación dos produtos da súa explotación e as relacionadas coa conservación do espazo natural e protección do ambiente, ó igual que as turísticas, cinexéticas e artesanais realizadas na súa explotación.

Así mesmo, consideraranse agricultores profesionais os titulares de explotacións agrarias, situadas na Comunidade Autónoma de Canarias, que obteñan alomenos un 25 por 100 da súa renda total da actividade agraria exercida na súa explotación, sempre que esta non requira máis dunha unidade de traballo agrario.

6. Agricultor a título principal: o agricultor profesional que obteña alomenos o 50 por 100 da súa renda total da actividade agraria exercida na súa explotación e que dedique a actividades non relacionadas coa explotación un tempo de traballo inferior á metade do seu tempo de traballo total.

7. Agricultor mozo: a persoa que cumpriu os dezaoiro anos e non cumpriu corenta anos e exerza ou pretenda exercer-la actividade agraria.

8. Pequeno agricultor: o agricultor a título principal cunha explotación agraria que non supere 12 unidades de dimensión europea (UDE) e cunha renda total que sexa igual ou inferior ó 75 por 100 da renda de referencia.

9. Plan de mellora da explotación: o conxunto de investimentos que, con carácter anual ou plurianual e con formulacións técnicas, económicas e financeiras adecuadas, proxecta introduci-lo titular da explotación agraria para a súa modernización e a mellora da súa estrutura.

10. Primeira instalación:

1) Aquela na que un mozo accede por primeira vez á titularidade, exclusiva ou compartida, dunha explotación agraria prioritaria ou á cualidade de socio dunha entidade titular dunha explotación prioritaria de carácter asociativo.

2) Tamén se considerará primeira instalación a realizada por un agricultor mozo nos demais supostos que, en desenvolvemento da presente norma, se contemplan.

11. Agricultor mozo cotitular dunha explotación: aquel que na súa primeira instalación accede á titularidade compartida dunha explotación agraria conforme as seguintes condicións:

a) Que o titular e o agricultor mozo acorden que este compartirá as responsabilidades xerenciais, os resultados económicos da explotación, os riscos inherentes á súa xestión e os investimentos que nela se realicen, nunha proporción mínima do 50 por 100. Este acordo deberá ter unha duración mínima de seis anos.

b) Que o titular lle transmita ó agricultor mozo, alomenos, un tercio da súa propiedade nos elementos que integran a súa explotación, o uso e aproveitamento da cal continuarán integrados nela.

Os acordos previstos nas alíneas a) e b) do punto anterior deberán formalizarse en escritura pública, e a transmisión á que se refire a alínea b) deberá inscribirse no Rexistro da Propiedade, se están previamente inscritos os predios a favor do titular.

Para os efectos do sinalado neste punto, cando un agricultor mozo sexa cotitular dunha explotación que reúna os requisitos da explotación prioritaria, abondará, para que a explotación alcance tal consideración, que o devandito mozo reúna persoalmente os requisitos esixidos ó titular da explotación prioritaria.

12. Unidade de traballo agrario (UTA): o traballo efectuado por unha persoa dedicada a tempo completo durante un ano á actividade agraria. Para a súa determinación, haberase que ater ó establecido na disposición derradeira sexta da Lei 19/1995.

13. Renda total do titular da explotación: a renda fiscalmente declarada como tal polo titular da explotación no último exercicio, excluindo do cómputo as ganancias e perdas patrimoniais. Para estes efectos imputarase ó titular da explotación:

a) A renda da actividade agraria da explotación.

b) As rendas procedentes doutras actividades empresariais ou profesionais, así como as rendas procedentes do traballo desenvolvido fóra da explotación, incluídas as pensións e haberes pasivos que fiscalmente haxa obriga de declarar.

c) O 50 por 100 das rendas do capital mobiliario e inmobiliario, no caso de réxime de gananciais, e o 100 por 100 das súas rendas privativas.

Malia o anterior, o órgano competente da comunidade autónoma poderá utilizar para a avaliación da renda total do titular da explotación a media das rendas fiscalmente declaradas como tales por el durante tres dos cinco últimos anos, incluíndo o último exercicio, excluindo do cómputo as ganancias e perdas patrimoniais.

Así mesmo, para a determinación da renda procedente da actividade agraria e doutras actividades complementarias excluíranse as ganancias e perdas patrimoniais correspondentes.

En todo caso, haberase que ater ó establecido pola disposición derradeira sexta da Lei 19/1995.

14. Renda de referencia: indicador relativo ós salarios brutos non agrarios en España. A determinación anual da súa contía faraa o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en concordancia co previsto ó respecto na normativa da Unión Europea e tendo en conta os datos de salarios publicados polo Instituto Nacional de Estatística.

Para a súa determinación, haberase que ater ó establecido na disposición derradeira sexta da Lei 19/1995.

15. Renda unitaria de traballo: o rendemento económico xerado na explotación agraria que se atribúe á unidade de traballo e que se obtén dividindo, entre o número de unidades de traballo agrario dedicadas á explotación, a cantidade resultante de suma-la marxe neta ou o excedente neto da explotación e o importe dos salarios devengados.

Para a súa determinación haberase que ater ó establecido pola disposición derradeira sexta da Lei 19/1995.

16. Explotación agraria prioritaria: aquela que, de acordo co establecido nos artigos 4, 5 e 6 e na disposición derradeira terceira da Lei 19/1995, reúna os requisitos establecidos nos puntos 1) ou 4) e, se é o caso, nos restantes desta definición:

1) Considerarase prioritaria a explotación agraria que posibilite a ocupación de, alomenos, unha unidade de traballo agrario, cunha renda unitaria de traballo que sexa igual ou superior ó 35 por 100 da renda de referencia e inferior ó 120 por 100 desta, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria única da Lei 19/1995, e o titular da cal sexa unha persoa física que reúna os seguintes requisitos:

a) Ser agricultor profesional, conforme o establecido no número 5 deste artigo.

b) Posuír un nivel de capacitación agraria suficiente, para a determinación da cal se conxugarán criterios de formación lectiva e experiencia profesional.

c) Ter cumpridos dezaoiro anos e non ter cumpridos sesenta e cinco anos.

d) Estar dado de alta no réxime especial agrario da Seguridade Social ou no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, en función da súa actividade agraria. Os agricultores profesionais que non estean encadrados nos réximes anteriores deberán cum-

pri-los requisitos indicativos da súa profesionalidade agraria establecidos para estes efectos polas comunidades autónomas.

e) Residir na comarca onde radique a explotación ou nas comarcas limítrofes definidas pola lexislación autonómica sobre organización territorial. No seu defecto, terase en conta a comarcalización agraria establecida no Censo Agrario do Instituto Nacional de Estatística.

Este requisito de residencia enténdese agás caso de forza maior ou necesidade apreciada polas comunidades autónomas.

2) En caso de matrimonio, a titularidade da explotación prioritaria poderá corresponder, para os efectos indicados, a ámbolos cónxuxes, sendo suficiente que un deles reúna os requisitos indicados no punto anterior.

3) As explotacións agrarias que pertencen a unha comunidade hereditaria e sobre as que exista pacto de indivisión por un período mínimo de seis anos, consideraranse, para os efectos indicados, como explotacións prioritarias, sempre que a explotación e, alomenos, un dos partícipes na comunidade cumpran os requisitos sinalados no número 1) deste punto. O período de indivisión contarase a partir da cualificación da explotación como prioritaria.

4) Terá tamén a consideración de prioritaria a explotación agraria cunha renda unitaria de traballo que sexa igual ou superior ó 35 por 100 da renda de referencia e inferior ó 120 por 100 desta, que posibilite a ocupación de, alomenos, unha unidade de traballo agrario e o titular da cal sexa unha persoa xurídica que responda a calquera das alternativas seguintes:

a) Ser sociedade cooperativa de explotación comunitaria da terra ou de traballo asociado dentro da actividade agraria.

b) Ser sociedade cooperativa, sociedade agraria de transformación, sociedade civil ou sociedade mercantil que, en calquera caso, cumpra os requisitos sinalados nun dos tres guións seguintes:

1.º Que, alomenos, o 50 por 100 dos socios cumpran os requisitos esixidos ó agricultor profesional, en canto á procedencia de rendas e dedicación ó traballo, conforme o establecido no número 5 do presente artigo.

2.º Que os dous tercios dos socios que sexan responsables da xestión e administración cumpran os requisitos esixidos ó agricultor profesional en canto a dedicación ó traballo e procedencia de rendas, referidos á explotación asociativa, así como o sinalado nas alíneas b), c), d) e e) do subpunto 1) deste punto, e que dous tercios, alomenos, do volume do traballo desenvolvido na explotación sexa achegado por socios que cumpran os requisitos anteriormente sinalados.

3.º Que a explotación da que sexa titular se constitúa agrupando, alomenos, dúas terceiras partes da súa superficie baixo unha soa linde, sempre que a superficie achegada por un só socio en ningún caso supere o 40 por 100 da superficie total da explotación e, alomenos, un socio cumpra as esixencias de procedencia de rendas e dedicación de traballo establecidas no número 6 do presente artigo para o agricultor a título principal e as establecidas no subpunto 1) deste punto para o titular da explotación agraria prioritaria.

5) Ademais do establecido no punto anterior, cando o titular da explotación prioritaria sexa unha sociedade civil, laboral ou outra mercantil, as súas accións ou participacións sociais deberán ser nominativas e, no caso de que non se trate dunha sociedade agraria de transformación, terá por obxecto exclusivo o exercicio da actividade agraria na explotación da que sexa titular e máis do 50 por 100 do capital social, de existir este, deberá pertencer a socios que reúnan os requisitos de proce-

dencia de rendas e dedicación de traballo esixidos ós agricultores profesionais, referidos á dita explotación.

6) Para os efectos do disposto nos subpuntos 4) e 5) poderán considerarse rendas procedentes da explotación as remuneracións que devenguen os socios polo traballo de todo tipo desenvolvido na explotación, as contraprestacións pola cesión a esta de terra ou outros medios de produción e polas súas achegas ó capital social e as súas respectivas participacións nos resultados positivos da explotación.

7) Terán, así mesmo, a consideración de prioritarias, para os efectos do disposto neste real decreto, as explotacións ás que resulte de aplicación o disposto na disposición derradeira terceira da Lei 19/1995.

17. Viabilidade económica da explotación: considerase que unha explotación é viable economicamente cando a súa renda unitaria de traballo non sexa inferior ó 20 por 100 da renda de referencia.

Tamén se considerarán viables as explotacións clasificadas como prioritarias de conformidade co establecido na disposición derradeira terceira da Lei 19/1995.

As definicións establecidas no presente artigo unicamente terán carácter básico respecto de axudas estatais, de acordo co disposto na disposición derradeira primeira deste real decreto.

CAPÍTULO II

Axudas

Artigo 3. *Axudas.*

1. As liñas de axudas que se establecen neste real decreto aplicaranse:

a) Ós investimentos nas explotacións agrarias mediante plans de mellora.

b) Á primeira instalación de agricultores mozos.

2. As medidas de desenvolvemento rural previstas na Sección 4.^a serán cofinanciadas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nas condicións alí establecidas.

SECCIÓN 1.^a INVERSIONS NAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS

Artigo 4. *Beneficiarios.*

1. Con carácter xeral será necesario, para acceder ás axudas ós investimentos nas explotacións agrarias mediante plans de mellora, que as persoas físicas ou xurídicas cumpran as seguintes condicións:

a) Ser titular dunha explotación agraria.

b) Presentar un plan de mellora da súa explotación conforme o sinalado no anexo 2.

c) Comprometerse a exercer-la actividade agraria na explotación obxecto da axuda durante alomenos cinco anos contados desde a data da concesión da axuda.

d) Acredita-la súa viabilidade económica conforme o definido no número 17 do artigo 2.

e) Cumprir-las normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais, de conformidade coa normativa comunitaria e nacional e cos programas plurirrexionais e da Comunidade Autónoma de Cantabria aprobados pola Unión Europea para a mellora das estruturas de produción.

Malia o disposto no parágrafo anterior, cando o plan de mellora inclúa investimentos destinados a cumprir-las normas mínimas referidas na letra d) do número 1 do artigo 5 poderase conceder para o seu cumprimento

un prazo de ata un ano desde o momento de concesión da axuda.

f) Xustificar estar ó corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social.

2. As persoas físicas deberán cumprir ademais:

- a) Ser agricultor profesional.
- b) Posuí-la capacitación profesional suficiente establecida pola comunidade autónoma.
- c) Estar afiliado ó réxime da Seguridade Social que corresponda.
- d) Ter dezaoito anos cumpridos e non ter cumpridos os sesenta e cinco.
- e) Residir na comarca onde radique a súa explotación ou nalgunha das comarcas limítrofes, salvo casos de forza maior ou necesidade apreciada pola comunidade autónoma.

3. As persoas xurídicas, ademais das sinaladas con carácter xeral, deberán cumprir:

- a) Ser unha explotación agraria prioritaria ou alcanzar tal condición coa aplicación das axudas establecidas neste real decreto.
- b) Que a súa actividade principal sexa a agraria.

4. Cando a explotación pertenza a unha comunidade de bens, só poderá ser beneficiaria das axudas ós investimentos mediante plans de mellora no caso de que exista un pacto de indivisión por un período mínimo de seis anos a partir da data de presentación da solicitude e que un dos comuneiros, alomenos, reúna os requisitos especificados nos puntos 1 e 2 deste artigo.

5. No caso de plans de mellora presentados por agricultores mozos dentro dos cinco anos seguintes á súa primeira instalación, poderá concedérselles un prazo de ata dous anos para o cumprimento dos requisitos regulados nos números 1.e) e 2.b) do presente artigo.

Artigo 5. *Tipos de investimento.*

1. Investimentos obxecto de axuda:

As axudas destinaranse ós investimentos agrícolas ou gandeiros incluídos nun plan de mellora da explotación para:

- a) A mellora das condicións de vida e traballo dos agricultores e dos empregados das explotacións. Os investimentos considerados destinaranse, en exclusiva, á mellora das prácticas agrarias e tarefas derivadas da explotación agraria.
- b) A mellora cualitativa e a ordenación de producións en función das necesidades de mercado e, se é o caso, con vistas á adaptación ás normas comunitarias de calidade, así como para a diversificación das actividades agrarias, especialmente mediante investimentos destinados á clasificación, acondicionamento, fabricación, transformación e comercialización dos produtos agrarios da propia explotación.
- c) A adaptación das explotacións con vistas a reducir os custos de produción, aforrar enerxía ou auga, ou a incorporación de novas tecnoloxías, incluídas as de informatización e telemática.
- d) O cumprimento das normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais, establecidas recentemente. Para estes efectos, entenderanse como recentemente establecidas as normas que entran en vigor no prazo máximo dun ano anterior á data de solicitude da axuda.
- e) A mellora das condicións de hixiene das explotacións gandeiras e de benestar dos animais, a protección e mellora do solo, da cuberta vexetal e do ambiente.
- f) A compra de terras para adecua-la estrutura productiva da explotación, unicamente nos casos e con-

dicións recollidos no artigo 16 e disposición adicional sétima.

2. Investimentos exceptuados de axuda:

Non se concederán axudas para os seguintes investimentos:

- a) Compra de terras, excepto nos casos recollidos no artigo 16.
- b) Maquinaria de reposición, excepto a de uso en común entre agricultores, a destinada á substitución de máquinas con oito ou máis anos de antigüidade e a adquirida cando aumente a base territorial, cambien os cultivos da explotación agraria ou o estime necesario a comunidade autónoma para garanti-la viabilidade da explotación. En todo caso, considerarase unicamente a adquisición de maquinaria nova. Nos supostos de adquisición, cando aumente a base territorial, cambien os cultivos da explotación agraria ou o estime necesario a comunidade autónoma para garanti-la viabilidade da explotación, considerarase unicamente como investimentos obxecto de axuda os relativos á parte do valor que corresponda por incremento de potencia ou da capacidade de prestacións da maquinaria.
- c) Adquisición de animais vivos das especies porcina e aves de curral, así como xatos de abasto.

Para a compra doutros animais vivos unicamente se terá en conta a primeira adquisición, correspondente ó incremento do número habitual de cabezas da explotación, prevista no plan de mellora.

Artigo 6. *Limitacións sectoriais.*

As axudas ós investimentos recollidas nos artigos 5 e 15 poderanse denegar cando estas teñan por efecto incrementa-la produción na explotación de produtos que carezan de saídas normais ó mercado. En todo caso, a concesión das axudas quedará condicionada ás disposicións referentes á ordenación e á planificación xeral da actividade agraria, en especial ás referidas a limitacións sectoriais da produción e ás establecidas no anexo 1 da presente disposición.

Artigo 7. *Tipo e contía das axudas.*

1. As axudas ós investimentos poderán consistir en subvencións de capital, bonificación de xuros, subvención dunha parte do número de anualidades de amortización do principal, axudas para sufragar custos do aval, ou nunha combinación delas.

2. O volume de investimento obxecto de axuda será de ata 15 millóns de pesetas (90.151,82 euros) por unidade de traballo agrario (UTA), cun límite máximo de 30 millóns de pesetas (180.303,63 euros) por explotación, cando o seu titular sexa unha persoa física ou unha comunidade de bens. No caso de titulares persoas xurídicas, o límite máximo por explotación poderá multiplicarse polo número de socios da entidade que acrediten pola actividade que desenvolven nela a súa condición de agricultores profesionais, ata un máximo de catro, sen prexuízo do límite por UTA. Excepcionalmente, para as explotacións de agricultura intensiva, nos supostos definidos e precisados polas comunidades autónomas, en canto a tipos de investimento e cultivo, sen prexuízo do límite anterior por UTA, poderanse auxiliar investimentos cunha contía máxima que sexa de 100 millóns de pesetas (601.012,10 euros).

3. A contía máxima da axuda expresada en porcentaxe do importe do investimento será de ata:

- a) O 50 por 100 nas zonas desfavorecidas incluídas nas listas ás que fai referencia o punto 4 do artigo 55 do Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello.
- b) O 40 por 100 nas demais zonas.

4. Cando o beneficiario sexa un agricultor mozo que, simultaneamente á súa primeira instalación ou nos seguintes cinco anos a ela, presente, antes de cumprilos corenta anos de idade, un plan de mellora para a súa explotación, poderá obter unha axuda suplementaria do 5 por 100, como máximo, do investimento, que poderá ser aplicado en calquera dos tipos de axuda establecidos no número 1 do artigo 7, con independencia do regulado nos artigos 8 e 10 seguintes.

Esta axuda suplementaria só procederá cando se aplique na contía máxima posible a axuda establecida no número 3 anterior ou, se é o caso, na norma correspondente da comunidade autónoma, ou ben, no caso de non existir préstamo bonificado, se aplique a subvención de capital máxima que corresponda segundo o establecido no artigo 8. Concederase na súa integridade cando o plan de mellora da explotación corresponda a un agricultor mozo que se instalase ou se vaia instalar baixo a modalidade de titularidade exclusiva e en proporción á participación do agricultor mozo no financiamento dos investimentos nas restantes modalidades de instalación.

Artigo 8. *Subvención de capital.*

1. Con carácter xeral, a subvención de capital será de ata o 15 por 100 do investimento previsto no plan de mellora, e poderá alcanzar ata o 20 por 100 do dito investimento nas zonas desfavorecidas referidas no artigo anterior.

2. Os plans de mellora encamiñados á obtención de produtos ecolóxicos poderán ser obxecto dunha axuda de cinco puntos adicionais á porcentaxe de axuda que puidese corresponderlles consonte o punto anterior, sempre que se adecuen ó establecido na normativa sobre produción agrícola ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimentarios.

Artigo 9. *Bonificación de xuros.*

1. A axuda en forma de bonificación de xuros aplicaráselles ós correspondentes ós préstamos concedidos ó abeiro desta sección, a contía dos cales non poderá ser superior ó 90 por 100 do investimento aprobado.

2. Esta bonificación aplicarase sobre o xuro preferente vixente nos convenios de colaboración subscritos coas entidades financeiras, sen que poida superar 8,5 puntos e sen que o tipo de xuro nominal resultante que teña que satisfacerlo titular do préstamo resulte inferior ó 1,5 por 100.

Malia o anterior, nos casos de plans de mellora correspondentes a agricultores mozos, presentados simultaneamente á súa primeira instalación ou durante os cinco anos seguintes a ela, antes de cumprilos corenta anos de idade, e os presentados polas entidades asociativas cando a totalidade dos seus socios sexan mozos que cumpran estes requisitos; nos plans de mellora pertencentes a titulares de explotacións con orientación productiva de gando vacún leiteiro, cando os investimentos que se vaian realizar para este tipo de gando superen o 50 por 100 do investimento total; así como nos plans de mellora correspondentes a explotacións de gando vacún, os investimentos das cales teñan por obxecto a substitución, total ou parcial, desta actividade productiva, a bonificación de xuros exposta no punto anterior poderá aplicarse sobre o xuro preferente na súa totalidade.

3. O importe da subvención equivalente á bonificación de xuros, determinarase conforme o anexo 4 da presente disposición.

Artigo 10. *Subvención para a minoración de anualidades de amortización e custos do aval.*

1. A subvención destinada a minorar unha ou varias anualidades de amortización do préstamo bonificado, que se pagará unha vez que sexa certificada a realización do investimento auxiliabile, só procederá cando a subvención de capital e a bonificación do tipo de xuro fosen aplicadas, por esta orde, na contía máxima posible prevista neste real decreto.

O seu importe corresponderá á diferenza entre a contía máxima da axuda resultante do punto 3 do artigo 7 ou, se é o caso, entre a axuda máxima que corresponda segundo a norma da Comunidade Autónoma, e os importes dos demais tipos de axuda, sen que, en ningún caso, poida supera-lo 40 por 100 do préstamo bonificado.

2. A axuda ó custo do aval irá destinada a satisfacer, en todo ou en parte, o importe da comisión de xestión del, no marco dos convenios subscritos para o efecto. O seu valor actualizado, sumado ó das restantes axudas que se concedan, non poderá supera-los límites establecidos neste real decreto.

Artigo 11. *Número de plans de mellora.*

O número de plans de mellora por explotación e beneficiario que se poderá aprobar durante un período dos seis últimos anos, contado desde a data á que corresponda a aprobación do último plan solicitado, limitárase a tres, sen que o volume total de investimento durante este período supere os límites sinalados neste real decreto.

Malia o anterior, cando se produzan situacións excepcionais, determinadas na correspondente norma, poderá auxiliarse un plan de mellora adicional ós anteriores cos límites de investimento previstos no punto 2 do artigo 7.

Para estes efectos, atribuiranse a unha soa explotación beneficiaria o conxunto de plans de investimentos agrarios realizados por calquera titular dela.

Artigo 12. *Modificacións dos plans de mellora.*

1. Cando se produzan modificacións do plan de mellora relacionadas coa produción ou co programa de investimentos presentarase un plan de mellora complementario ou alternativo, salvo no caso das de menor entidade nas que o órgano competente da Comunidade Autónoma recoñeza implícitamente a validez técnica e económica do plan de mellora executado, para o cal abundará a certificación, expedida por aquel, da realización dos investimentos que comprenda este plan.

2. Malia o establecido no artigo 9.1, nos casos en que o beneficiario non execute o plan de mellora para o que percibiu axudas ou se produzan desviacións substanciais entre o investimento realizado e o aprobado para a execución do plan ou o préstamo formulado, aplicarase os criterios seguintes:

a) O beneficiario deberá devolver a axuda percibida no caso de que non vaia executar o plan de mellora en virtude do cal se lle concedeu aquela. A contía que deberá devolver incluírá a cantidade íntegra percibida en concepto de subvención de capital, co xuro legal establecido, así como, se é o caso, o importe que se satisfixese da bonificación de xuros e das restantes axudas vinculadas ó préstamo bonificado, quedando este desvinculado das condicións especiais que o puidesen afectar pola aplicación do disposto neste real decreto.

b) Se, executado o plan de mellora, o importe do investimento efectuado resultase inferior ó importe do investimento aprobado no plan, axustarase a axuda total concedida á porcentaxe que corresponda do investimen-

to realizado, reducíndose o importe das distintas modalidades de axuda aplicadas na seguinte orde:

- 1.º Subvención de anualidades de amortización.
- 2.º Subvención de capital.
- 3.º Bonificación de xuros.

Así mesmo, axustarase, se é o caso, ó importe que corresponda a axuda suplementaria para o agricultor mozo.

Se o importe do investimento efectuado fose inferior ó importe do préstamo formalizado, o importe do principal bonificado deste reducirase ata o do dito investimento e á diferenza non lle serán de aplicación as condicións especiais previstas neste real decreto. Neste caso, o axuste da contía da axuda concedida ó límite que, conforme o disposto no artigo 7 corresponda ó investimento realizado, levarase a efecto conforme o seguinte criterio: se a contía da nova bonificación de xuros fose inferior ó dito límite, agregarase unha subvención de capital de ata o importe máximo que permita o disposto no artigo 8 e, se restase mesmo un saldo a favor do beneficiario, aplicarase este en forma de subvención dunha ou varias anualidades de amortización do principal bonificado e non desvinculado.

O beneficiario que percibise unha axuda de contía superior á que resulte do axuste anteriormente sinalado, en calquera das modalidades daquela, estará obrigado a devolver-lo exceso percibido. Nos casos ós que se refire este punto só se aplicarán xuros de demora ás cantidades que ten que devolver-lo beneficiario cando a Comunidade Autónoma non recoñeza a validez técnica e económica do plan de mellora executado.

SECCIÓN 2.^a AGRICULTORES MOZOS

Artigo 13. *Primeira instalación.*

1. Establécense axudas especiais ós agricultores mozos que realicen a súa primeira instalación nas condicións que se recollen no artigo 2 da presente disposición, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

a) Posuír, no momento da súa instalación, o nivel de capacitación profesional suficiente establecido pola comunidade autónoma ou comprometerse a adquirilo nun prazo de dous anos, desde o momento da súa instalación.

b) Instalarse nunha explotación que requira un volume de traballo equivalente alomenos a unha UTA ou comprometerse a que alcance o dito volume un prazo máximo de dous anos desde a súa instalación.

c) Comprometerse a exercer-la actividade agraria durante cinco anos, contados desde a data de concesión da axuda.

d) Manter ou fixa-la súa residencia na comarca onde radique a explotación ou nas comarcas limítrofes, salvo casos de forza maior ou necesidade apreciada pola comunidade autónoma.

e) Cumprila explotación as normas mínimas en materia de ambiente, hixiene e benestar dos animais, de conformidade coa normativa comunitaria e nacional e cos programas plurirrexionais e da Comunidade Autónoma de Cantabria aprobados pola Unión Europea para a mellora das estruturas de produción, no momento da concesión desta axuda ou no prazo máximo de dous anos desde a instalación do mozo.

f) Ter menos de corenta anos de idade na data de concesión desta axuda.

2. A solicitude da axuda deberá presentarse antes da primeira instalación do petionario ou dentro dos seis primeiros meses posteriores a ela. Os investimentos ou gastos de instalación realizados polo mozo dentro

dos referidos seis primeiros meses poderán ser considerados auxiliares.

3. A concesión da axuda requirirá a presentación dun plan de explotación que reflecta o grao de viabilidade económica e a situación da explotación na que queda instalado o mozo e prevexa para este unha renda procedente daquela, medida en termos de marxe neta, igual ou superior ó 35 por 100 da renda de referencia.

4. O plan de explotación non será requirido no caso de que o mozo que se instala presente un plan de mellora.

Artigo 14. *Modalidades da primeira instalación.*

A primeira instalación dun agricultor mozo poderá realizarse mediante as seguintes modalidades:

a) Acceso á titularidade exclusiva ou compartida da explotación agraria, por compra, herdo, pacto sucesorio, doazón, arrendamento, parceria ou figuras xurídicas análogas, asumindo o mozo que se instala, alomenos, o 50 por 100 dos riscos e das responsabilidades civil, fiscal e social da xestión da explotación.

b) Acceso á cotitularidade dunha explotación agraria prioritaria.

c) Integración como socio nunha entidade asociativa con personalidade xurídica, preexistente ou de nova constitución, que sexa titular dunha explotación agraria prioritaria.

Artigo 15. *Axudas á primeira instalación.*

1. As axudas á primeira instalación de agricultores mozos, dirixidas a auxiliar gastos e investimentos derivados dela, poderán consistir:

a) Nunha bonificación de xuros cun importe actualizado, determinado conforme o anexo 4, que non supere a cifra de 2.500.000 pesetas (15.025,30 euros), resultante de aplicar, durante un período máximo de quince anos, unha redución, total ou parcial, do tipo de xuro preferente establecido nos convenios de colaboración subscritos coas entidades financeiras.

b) Nunha prima por explotación a contía máxima da cal poderá ser de 2.500.000 pesetas (15.025,30 euros) que poderá substituírse, total ou parcialmente, por unha bonificación de xuros equivalente.

As contías máximas de axuda, expresadas nas letras a) e b) anteriores, poderán incrementarse nun 10 por 100 cando se xere na explotación alomenos 1 UTA asarlariada adicional á de cada mozo que se instala, nos supostos nos que sexa unha agricultora moza a beneficiaria delas, así como nos casos nos que o mozo se instale nunha explotación situada nunha zona de montaña, clasificada como tal e incluída nas listas ás que fai referencia o punto 4 do artigo 55 do Regulamento (CE) 1257/1999.

2. Os criterios de aplicación destas axudas son os seguintes:

a) O importe do préstamo de instalación non poderá ser superior ó 90 por 100 dos gastos e investimentos de instalación previstos, sen prexuízo do disposto no punto seguinte.

b) A axuda total á primeira instalación non poderá ser superior a 6.500.000 pesetas (39.065,79 euros) nin ó importe dos gastos e investimentos de instalación realizados. Se este importe fose inferior ó inicialmente previsto e contemplado na concesión da axuda, a comunidade autónoma reaxustará a axuda concedida, tendo en conta as dúas modalidades de axudas previstas e de forma que sen supera-los límites establecidos no presente artigo, o importe total da axuda que vai percibi-lo beneficiario alcance o máximo que resulte de aplicación.

Neste caso, o importe bonificable do principal do préstamo formalizado poderá alcanza-lo dos gastos e investimentos realizados, desvinculando o resto do préstamo das condicións especiais derivadas dos convenios de colaboración con entidades financeiras recollidos neste real decreto.

c) Nunha mesma explotación non poderá percibirse máis dunha axuda íntegra en forma de prima de instalación nin máis dunha axuda íntegra en forma de bonificación de xuros durante o prazo dos cinco anos seguintes á data da súa concesión. No caso de existiren varios mozos que se instalan por primeira vez na mesma explotación, esta única axuda distribuirase en función do grao de participación de cada mozo no conxunto dos gastos e investimentos derivados das ditas instalacións. Malia o anterior, cando se produzan instalacións de varios mozos mediante a súa integración como socios nunha entidade asociativa, estas axudas poderanse outorgar de forma íntegra a cada mozo solicitante que se instale, na contía que lle corresponda conforme os gastos e investimentos que realice para a súa instalación. Neste caso, o número de UTA requiridas debe ser igual ou maior ó número de mozos que se instalan.

d) O pagamento da prima de instalación en forma de subvención de capital poderá graduarse ó longo de cinco anos como máximo, a criterio da comunidade autónoma.

e) Para os efectos de aplicación das axudas recollidas neste artigo teranse en conta os seguintes gastos e investimentos:

Pagamento da primeira anualidade dun contrato de arrendamento de terras.

Gastos notariais e rexistrais derivados da primeira instalación.

Custos financeiros dos préstamos destinados a financia-lo capital circulante do primeiro exercicio económico.

Gastos de permisos, licencias e autorizacións administrativas orixinados pola instalación do beneficiario.

Achega económica do mozo á entidade asociativa para a súa integración como socio nela.

Adquisición de dereitos de produción e dereitos a prima de carácter individual e transferible conforme a normativa vixente de carácter sectorial que resulte de aplicación.

Custos de avais dos préstamos de primeira instalación.

Pagamento dos dereitos hereditarios, se é o caso, a coherdeiros da explotación familiar na que se instala o beneficiario.

Adquisición ou acondicionamento da vivenda que constitúa a residencia habitual do beneficiario e estea vinculada ás dependencias, situadas na mesma edificación ou noutros edificios, destinadas a atender-las necesidades derivadas das actividades agrarias ou das de transformación e venda directa dos produtos da súa explotación, as relacionadas coa conservación do espazo natural e a protección do ambiente e as cinxéticas realizadas na súa explotación.

Adquisición de capital territorial e de explotación, na medida necesaria para levar a efecto a instalación conforme o disposto no artigo 13.1.b).

Adecuación do capital de explotación co obxecto de cumprilo establecido no artigo 13.1.e) desta disposición.

SECCIÓN 3.^a AXUDAS NACIONAIS A INVESTIMENTOS EN PLANS DE MELLORA DESTINADOS A ADECUA-LA BASE TERRITORIAL DA EXPLOTACIÓN

Artigo 16. *Adquisición de terras.*

1. Cando os plans de mellora inclúan como investimento a adquisición de terra para adecua-la base territorial da explotación, poderanse conceder axudas a:

a) Titulares de explotacións agrarias, persoas físicas ou xurídicas, para a adquisición de terras co fin de que a súa explotación poida alcanza-la consideración de prioritaria.

b) Pequenos agricultores que sexan titulares dunha explotación agraria prioritaria para a adquisición de terras integrantes da dita explotación que veñan cultivando en réxime de arrendamento, sempre que, trala adquisición, a explotación manteña a súa condición de prioritaria.

2. As axudas poderanse aplicar a un volume de investimento en adquisición de terras sempre que o seu importe non sexa superior a 7.430.000 pesetas (44.655,20 euros) por unidade de traballo agrario empregado na explotación nin a 14.860.000 pesetas (89.310,40 euros) por beneficiario, considerando como investimento o valor escriturado das terras.

SECCIÓN 4.^a AXUDAS TERRITORIAIS RECOLLIDAS NOS PROGRAMAS OPERATIVOS

Artigo 17. *Cómputo de determinadas axudas.*

Para os efectos do disposto no artigo 18, serán computables, ata os volumes máximos que se determinen, as axudas reguladas polas comunidades autónomas que estean incluídas nos seus programas operativos integrados ou programas de desenvolvemento rural, segundo casos, acollidas ó financiamento do FEOGA no marco do Regulamento (CE) 1257/1999 do Consello, que respondan ás seguintes condicións:

1. Axudas ós agricultores profesionais para a construción, adquisición ou acondicionamento da vivenda que constitúa a súa residencia habitual e estea vinculada ás dependencias, situadas na mesma edificación ou noutros edificios, destinadas a atender-las necesidades derivadas das actividades agrarias ou as complementarias previstas neste real decreto.

A axuda cofinanciable polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación non superará o 30 por 100 do importe do investimento computable, que non poderá exceder da cantidade de 7.000.000 de pesetas (42.070,85 euros) realizado polo beneficiario.

2. Axudas ós agricultores profesionais, ás explotacións asociativas prioritarias e ás agrupacións nas que o 50 por 100, alomenos, dos seus membros sexan agricultores profesionais. As axudas destinaranse a investimentos para a prestación de servizos a terceiros na actividade agraria, sen prexuízo da súa utilización nas explotacións dos beneficiarios individuais ou dos membros das agrupacións sinaladas.

A axuda cofinanciable polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación non superará o 30 por 100 do importe do investimento computable, que non poderá exceder da cantidade de 7.000.000 de pesetas (42.070,85 euros), cando se trate de beneficiarios individuais, nin de 28.000.000 de pesetas (168.283,39 euros) cando se trate dunha agrupación.

3. Axudas para agricultores que, non reunindo os requisitos sinalados no artigo 4, realicen investimentos na súa explotación para a mellora do regadío. As axudas deberán destinarse exclusivamente a investimentos que teñan entre os seus obxectivos o uso máis eficiente da auga de rega.

Computaranse as axudas destinadas a investimentos que cumpran o disposto no artigo 6 e cun volume que non supere os límites establecidos no punto 2 do artigo 7, sen que a contía computable de cada axuda poida supera-los límites porcentuais establecidos no seu punto 3.

4. Axudas ás agrupacións agrarias que teñan por obxectivo a creación de servizos de substitución nas explotacións dos seus socios. Esta axuda destinarase a contribuír á cobertura dos gastos de xestión, funcionamento e posta en marcha orixinados na fase inicial do servizo.

O servizo de substitución deberá ser regulado pola comunidade autónoma, que determinará as condicións para a súa autorización.

A axuda cofinanciable polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación non poderá superar a cantidade de 3.000.000 de pesetas (18.030,36 euros) por axente cualificado empregado a tempo completo nas actividades de substitución, nin o 70 por 100 dos gastos obxecto de axuda. Este importe distribuirase entre os cinco primeiros anos de actividade de cada axente.

5. Axudas ás agrupacións e asociacións agrarias que teñan por obxecto a creación ou o incremento de servizos de axuda á xestión das explotacións dos seus socios, destinadas a contribuír á cobertura dos custos daqueles.

A axuda concederase para a actividade de axentes encargados de contribuír á xestión técnica, económica, financeira e administrativa das explotacións agrarias.

O servizo de xestión das explotacións deberá ser regulado pola comunidade autónoma.

A axuda cofinanciable polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación non poderá superar 9.000.000 de pesetas (54.091,09 euros) por axente empregado a tempo completo para realiza-las actividades previstas anteriormente. Este importe repartirase entre os cinco primeiros anos de actividade de cada axente.

Poderase substituír este sistema de axudas por outro en beneficio dos agricultores profesionais que recorran ós servizos establecidos neste punto. Neste caso, a axuda cofinanciable polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación non poderá superar a cantidade de 125.000 pesetas (751,27 euros) por explotación, que se deberán repartir, alomenos, ó longo de dous anos.

6. Axudas ós investimentos colectivos levados a efecto conxuntamente por varios titulares de explotacións agrarias para a satisfacción de necesidades comúns a elas, sen prexuízo da execución material por terceiros da obra ou mellora obxecto do investimento.

A axuda cofinanciable polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para o conxunto de beneficiarios do investimento colectivo non poderá superar a cantidade de 25.000.000 de pesetas (150.253,03 euros) por investimento aprobado.

7. Axudas á cualificación profesional:

a) Para mellora-la cualificación profesional agraria, en función das necesidades da agricultura moderna, mediante cursos e seminarios, así como estancias de formación e de aprendizaxe práctica efectuadas en empresas e institucións públicas ou privadas, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá cofinanciar:

Bolsas para os mozos que asistan a cursos regrados de capacitación profesional agraria, con idade superior á correspondente á escolaridade obrigatoria.

Bolsas para a asistencia a cursos e subvencións para a realización de estancias de formación para dirixentes, traballadores e socios de asociacións de agricultores e cooperativas, con obxecto de mellora-la organización e eficacia societaria e empresarial das ditas entidades.

Bolsas para titulares e colaboradores familiares de explotacións agrarias prioritarias e para traballadores agrícolas por conta allea, para a súa asistencia a cursos de formación e perfeccionamento profesional agrario.

Bolsas para mozos para a asistencia a cursos de formación profesional agraria necesarios para adquirilo

nivel de capacitación esixido, en cada caso, neste real decreto.

b) As accións obxecto do punto anterior non incluírán os cursos ou cursiños que formen parte de programas ou réximes normais de ensino medio ou superior agrario.

c) Os criterios para a concesión destas axudas serán análogos ós establecidos polo Ministerio de Educación e Ciencia ou, se é o caso, polo órgano competente da comunidade autónoma, nas convocatorias do réxime xeral de axudas ó estudio.

d) Os importes máximos da bolsa por beneficiario cofinanciables polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación serán:

250.000 pesetas (1.502,53 euros), para os cursos de formación regrada con duración lectiva dun ano académico.

100.000 pesetas (601,01 euros), para os cursos non regrados e actividades formativas con duración mínima de 150 horas lectivas.

50.000 pesetas (300,51 euros), para os cursos ou actividades formativas de duración inferior a 150 horas lectivas.

8. Axudas ós investimentos realizados na explotación para a diversificación das súas actividades produtivas a través de actividades turísticas e artesanais.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación cofinanciará esta liña de axudas cando se aplique nas mesmas condicións e cos mesmos requisitos establecidos na sección 1.^a ou 2.^a deste real decreto.

CAPÍTULO III

Financiamento e tramitación das axudas

Artigo 18. *Financiamento das axudas.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación financiará o 50 por 100 das axudas previstas no punto 1 do artigo 3 e das correspondentes ó punto 2 do citado artigo que sexan computables conforme o artigo 17 deste real decreto, sen prexuízo do establecido no punto seguinte. As comunidades autónomas poderán complementa-la parte das axudas non financiada con cargo ós orzamentos xerais do Estado.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas poderán establecer procedementos de coordinación e de avaliación que garantan o cumprimento dos obxectivos deste real decreto e dos requisitos da normativa comunitaria, así como os mecanismos de compensación financeira entre ámbalas administracións para, sobre exercicios cerrados, cumprila porcentaxe de participación establecido no punto 1 anterior, ou, se é o caso, o que proceda en aplicación do correspondente programa operativo aprobado pola Unión Europea e as súas modificacións, realizándose as compensacións e transferencias entre administracións que para tal efecto procedan, sen prexuízo de que tamén poidan realizarse tales compensacións e transferencias no transcurso do exercicio. Para estes efectos, os importes das axudas que se considerarán serán os derivados dos compromisos adquiridos no exercicio por cada administración.

3. As contribucións do FEOGA correspondentes ós pagamentos efectuados por estas axudas distribuiranse

conforme a participación financeira anual de cada administración e os respectivos programas operativos aprobados e as súas modificacións.

Artigo 19. *Distribución do volume máximo de axudas.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, consultadas as comunidades autónomas, de conformidade cos recursos económicos consignados no «Programa Operativo de Mellora de Estructuras e dos Sistemas de Producción Agrarios nas Rexións de Obxectivo n.º 1 de España», o «Programa Operativo Integrado de Cantabria» e o «Programa de Desenvolvemento Rural para a Mellora de Estructuras de Producción en Rexións Sitúadas Fóra de Obxectivo n.º 1 de España», aprobados pola Comisión da UE para o período 2000-2006, e as súas posibles modificacións, realizará anualmente a distribución inicial do volume máximo de axudas entre comunidades autónomas, así como as posteriores redistribucións, cando estas procedan, para unha mellor execución financeira dos citados programas.

Artigo 20. *Tramitación das axudas.*

1. A tramitación das solicitudes das axudas reguladas neste real decreto, a resolución da súa concesión ou denegación e a certificación de execución das accións obxecto de axuda e do cumprimento dos compromisos contraídos polos beneficiarios corresponderán ás comunidades autónomas, así como o pagamento das subvencións de conformidade co establecido no artigo 21.

2. Os titulares de explotacións prioritarias conforme o previsto na Lei 19/1995, os de explotacións con orientación productiva de gando vacún leiteiro e os de explotacións de gando vacún en que os investimentos teñan por obxecto a substitución, parcial ou total, desta actividade productiva, terán un trato preferente na concesión das axudas a plans de mellora.

Así mesmo, terán consideración preferente na concesión de axudas de primeira instalación a realizada baixo o réxime de cotitularidade sinalado no punto b) do artigo 14.

3. A resolución de concesión da comunidade autónoma significará o recoñecemento do dereito á bonificación de xuros do préstamo e ás restantes axudas que en cada caso procedan conforme o disposto neste real decreto.

Artigo 21. *Pagamento das axudas.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación efectuará directamente os pagamentos ás entidades financeiras e de caución afectadas, correspondentes á totalidade das seguintes modalidades de axuda:

- a) Bonificación de xuros.
- b) Minoración de anualidades de amortización do principal.
- c) Custos do aval.

2. As comunidades autónomas efectuarán os pagamentos correspondentes á totalidade das seguintes modalidades de axuda:

- a) Subvencións de capital.
- b) Primas de primeira instalación de agricultores mozos.
- c) Axudas ás que se refire a sección 4.^a

Artigo 22. *Información e seguimento.*

1. A información referente á identificación de cada beneficiario de axudas, ós efectos descritivos e indicadores básicos da súa explotación e ós importes dos investimentos e axudas concedidas, será proporcionada polas comunidades autónomas ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para cada expediente resolto, así como os correspondentes certificados de execución da acción obxecto de axuda e do cumprimento dos compromisos contraídos polo beneficiario.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas serán depositarios en orixe da información que se debe dispor para os efectos de cubrir as esixencias da Comunidade Europea no exercicio das funcións de seguimento, avaliación e control, e remitirán ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a información necesaria para o cumprimento das correspondentes obrigas coas institucións comunitarias, subministrando en especial os documentos que sirvan de soporte das ordes de pagamento efectuadas para a contribución financeira do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agraria (FEOGA).

3. Para os efectos de instrumentalizar o control do cumprimento dos obxectivos deste real decreto e dos requisitos da normativa comunitaria así como para facilitar as actividades que para tal fin realicen as institucións da Comunidade Europea, estableceranse cos órganos competentes das comunidades autónomas os mecanismos apropiados de realización e coordinación dos ditos controis.

Artigo 23. *Convenios de colaboración con entidades financeiras.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá subscribir convenios coas entidades de crédito, así como coas cooperativas agrarias que teñan sección de crédito, co fin de facilitar os préstamos e materializar as axudas vinculadas a eles.

Estes convenios establecerán a forma de efectuar os pagamentos destas axudas; a posibilidade, se é o caso, de destinar a subvención correspondente ás anualidades de amortización a reducir o principal dos préstamos; o tipo de xuro preferente; a invariabilidade do tipo de xuro resultante ó prestameiro; a forma de actuación nos casos de cancelación anticipada dos préstamos; a posibilidade do pagamento da bonificación de xuros correspondente ó segundo vencemento semestral de cada ano, simultáneo á data de pagamento correspondente ó do primeiro vencemento, sen aplicación de taxa de actualización; e calquera outra continxencia relacionada cos pagamentos das axudas vinculadas ós préstamos que faciliten a súa aplicación.

A Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, por proposta dos ministros de Economía e de Agricultura, Pesca e Alimentación, autorizará o tipo de xuro preferente a subscribir co conxunto das entidades financeiras no momento do establecemento de novos convenios de colaboración ós que se refire o presente artigo.

2. As modalidades de préstamo e o pagamento das axudas vinculadas a elas adecuarase ó previsto no anexo 3.

3. En concordancia co volume máximo de axudas distribuído conforme o establecido no artigo 19, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación determinará anualmente o volume máximo de préstamos que se vaian convir coas entidades financeiras ás que se refire o punto 1 deste artigo, do que se informará á Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Artigo 24. *Convenios de colaboración con entidades de caución.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá subscribir convenios coa Sociedade Estatal de Caución Agraria (SAECA) e outras entidades de caución, co fin de lles facilitar ós beneficiarios das axudas os avais necesarios para o seu acceso ós préstamos acollidos ós convenios indicados no artigo anterior.

Artigo 25. *Axudas non reintegrables.*

1. Non procederá o reintegro das axudas percibidas cando o incumprimento dalgún dos requisitos esixidos ó beneficiario sexa debido a algunha das seguintes causas:

- a) Morte do beneficiario.
- b) Incapacidade permanente total para a profesión habitual, incapacidade permanente absoluta para o traballo ou grande invalidez.
- c) Abandono da condición de titular da explotación motivado por algunha das seguintes causas, que deberán ser estimadas polo órgano competente da comunidade autónoma:

1.^a Expropiación total ou dunha parte importante da explotación se a dita expropiación non era previsible o día en que se subscribiron os compromisos.

2.^a Catástrofes naturais ou accidentais que afecten gravemente a explotación.

Nestes supostos entenderase que o importe das axudas que corresponde percibir será asimilable ó que procedería no caso dunha cancelación total anticipada do préstamo, referida á data do feito causante.

2. Nos casos en que o beneficiario lle transmita a totalidade da explotación a outra persoa, esta poderá subrogarse nos compromisos daquel durante o período pendente de cumprimento, sempre que o novo titular reúna os requisitos para ser beneficiario das axudas. Neste caso, non procederá o reintegro das axudas percibidas.

Disposición adicional primeira. *Forma de pagamento de axudas.*

En calquera caso, a parte das axudas reguladas no punto 1 do artigo 3 financiada con cargo ós orzamentos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación será pagada ó beneficiario en forma de axudas vinculadas ó préstamo, sen prexuízo do preceptuado no artigo 18 da presente disposición.

Disposición adicional segunda. *Vixencia dos convenios.*

Os convenios de colaboración subscribidos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación coas entidades financeiras e coa Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA) continuarán vixentes de conformidade co seu clausulado. As referencias ó Real decreto 204/1996, do 9 de febreiro, e as súas posteriores modificacións, entenderanse feitas a este real decreto.

Disposición adicional terceira. *Acceso a préstamos de xuro preferente sen bonificación.*

Os beneficiarios de liñas de axuda de carácter específico, reguladas mediante normativa propia polas comunidades autónomas, en materia de estruturas agrarias de produción, que financien accións non establecidas neste real decreto, poderán acollerse, sen beneficios de

bonificación de xuros, ós préstamos amparados polos convenios de colaboración con entidades financeiras subscribidos polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición adicional cuarta. *Réxime de responsabilidade.*

As responsabilidades previstas na regulamentación comunitaria afectarán as diferentes administracións públicas en relación coas súas respectivas actuacións.

Disposición adicional quinta. *Xeración de crédito.*

Os saldos que, como consecuencia da compensación financeira prevista no artigo 18, lle puidesen corresponder ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderán ser obxecto de xeración de crédito nos estados de gastos dos orzamentos correspondentes ó exercicio en que se reciban os devanditos saldos e nos termos que se establezan conforme o previsto no artigo 71 do Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria.

Disposición adicional sexta. *Beneficios fiscais a plans de mellora.*

Os plans de mellora das explotacións ós que fai referencia o punto 5 do artigo 20 da Lei 19/1995, relativo a beneficios fiscais especiais para agricultores mozos ou asalariados agrarios, así como os referidos no artigo 8 da citada lei, serán os regulados na sección primeira do capítulo II deste real decreto.

Disposición adicional sétima. *Axudas nacionais.*

Serán financiadas con fondos exclusivamente nacionais as axudas ós investimentos incluídos en plans de mellora destinados á compra de terras, establecidas nos artigos 5, punto 1.f), e 16 deste real decreto, así como as axudas admitidas como tales pola Unión Europea.

Disposición adicional oitava. *Publicidade das axudas.*

Na documentación referida a estas axudas, así como nas súas actuacións de publicidade, deberá indicarse a achega financeira de cada Administración pública. Así mesmo, cumprirse co disposto polo Regulamento (CE) 1159/2000, da Comisión, do 30 de maio, sobre as actividades de información e publicidade que deben levar a cabo os estados membros en relación coas intervencións dos fondos estruturais.

Disposición transitoria primeira. *Solicitudes pendentes de resolución.*

Ata o 31 de decembro de 2001, as solicitudes acollidas ó Real decreto 204/1996, do 9 de febreiro, pendentes de resolución na data de entrada en vigor deste real decreto e que cumpran os requisitos establecidos neste, poderán resolverse aplicando as contías das axudas reguladas no Real decreto 204/1996, cunha última modificación constituída polo Real decreto 2067/1999, do 30 de decembro, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria seguinte.

Disposición transitoria segunda. *Axudas nacionais.*

As axudas ós investimentos incluídos en plans de mellora destinados á diversificación de actividades productivas nas explotacións agrarias mediante a incorporación a elas de actividades non agrarias, reguladas no punto c) do artigo 5 do Real decreto 204/1996, que fosen solicitadas antes da entrada en vigor deste real decreto, serán atendidas con fondos exclusivamente nacionais.

O importe máximo da axuda para este tipo de investimentos non poderá exceder de 16.638.600 pesetas (100.000 euros) nin do 45 por 100 nas rexións de obxectivo 1 e Cantabria ou do 30 por 100 no resto das rexións.

Estas axudas acóllense ó Regulamento (CE) 69/2001, da Comisión, do 12 de xaneiro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas «de minimis», e ó Regulamento (CE) 70/2001, da Comisión, do 12 de xaneiro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas (publicados no «Diario Oficial das Comunidades Europeas» do 13 de xaneiro de 2001).

Disposición transitoria terceira. *Investimentos aprobados en programas de OPFH.*

Os investimentos aprobados, ata o momento da entrada en vigor dos programas plurirrexionais e da Comunidade Autónoma de Cantabria aprobados pola Unión Europea para a mellora das estruturas de produción relacionadas con este real decreto, no marco de Programas Operativos de Organizacións de Produtores de Froitas e Hortalizas (OPFH), poderán continuar a súa execución ata a súa finalización, dentro do prazo para o que están aprobadas. Nembargantes, as organizacións de produtores poderán solicitar, nas datas establecidas no Regulamento (CE) 411/97, da Comisión, modificacións dos programas para adaptarse ás condicións das decisións comunitarias que aproban os ditos programas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan a este real decreto e, en particular:

O Real decreto 204/1996, do 9 de febreiro, sobre melloras estruturais e modernización das explotacións agrarias.

Ata que se promulguen as disposicións para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto quedará en vigor, en canto non se opoña a el, a Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 4 de setembro de 1998, para a aplicación do Real decreto 204/1996, entendéndose as citas que fai ó Real decreto 204/1996 como feitas ós artigos equivalentes deste.

Disposición derradeira primeira. *Normativa básica.*

Este real decreto ten carácter de normativa básica, en canto se refire a axudas estatais de conformidade co establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia para dictar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dictar, no ámbito das súas competencias,

as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto e, en especial:

a) Para determinar o tipo de xuro mínimo que teñan que satisfacer os beneficiarios nos supostos de concesión de préstamos con bonificación de xuros, recollidos nos artigos 9 e 15 deste real decreto, así como para modificar as porcentaxes de subvención de capital establecidas no artigo 8.

b) Para modificar cando proceda o importe da subvención equivalente á bonificación de xuros dos préstamos a que se refire o anexo 4 da presente disposición.

c) Para adaptar, desenvolver ou determinar o contido deste real decreto á normativa da Unión Europea aplicable a estas axudas e en especial ás modificacións ou complementos dos programas operativos aprobados pola Comisión da Unión Europea para a mellora das estruturas de produción, así como ás decisións da dita Comisión en materia de axudas estatais.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de xuño de 2001.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO I**Limitacións sectoriais**

1. En razón ó produto, ó tipo de investimento e á capacidade actual e prevista, poderán excluírse deste réxime de axudas os investimentos que aumenten a produción sen saídas normais no mercado. En todo caso, serán de aplicación as limitacións á produción, investimentos ou axudas reguladas nas OCM (Organizacións Comúns de Mercado).

2. Os investimentos previstos naqueles sectores para os que se establecesen cotas, primas ou calquera outro dereito de produción, serán auxiliables sempre que se acredite á súa finalización a dispoñibilidade deles en contía suficiente.

3. Este réxime de axudas non será aplicable a aqueles investimentos dirixidos a mellorar a produción agraria que sexan auxiliados acolléndose ós fondos establecidos nas OCM.

No caso da OCM de froitas e hortalizas:

a) Os investimentos que afecten a explotacións de membros dunha OPFH (Organización de Produtores de Froitas e Hortalizas) promovidos e financiados con fondos dela, para os que exista unha contribución económica específica dos membros que se benefician da acción, poderán acollerse unicamente ás axudas previstas no marco dos fondos operativos da OPFH.

b) Cando se trate de investimentos de carácter individual de agricultores, membros dunha OPFH, que foron concibidos, decididos, financiados e levados a cabo polo propio agricultor, financiaranse exclusivamente conforme o previsto neste real decreto.

4. En calquera caso, deberán respectarse as seguintes limitacións sectoriais:

a) En vacún de leite:

Non se concederán axudas ás explotacións que presenten un programa de investimentos con incremento

de produción superior á cantidade de referencia dispoñible na explotación ó finalizar aquel.

b) En vacún de carne:

Non se concederán axudas ás explotacións cunha carga gandeira que supere as 2 UGM/ha (Unidade de Gando Maior/ha), exceptuándose desta limitación aquelas explotacións con dimensión igual ou inferior a 15 UGM.

c) En gando porcino:

Quedan excluídas de axuda os investimentos no sector de gando porcino intensivo que aumenten o número de prazas de porco. Para o cálculo de prazas considerase que a praza necesaria para unha porca de cría corresponde á de 6,5 porcos de engorde. Esta limitación non se aplicará no sector de porco ibérico.

d) En aves:

Non se auxiliarán investimentos que incrementen a capacidade de produción de ovos para o seu consumo directo.

e) En mel:

No sector da produción de mel non serán auxiliables as accións establecidas no marco dos programas nacionais previstos no Regulamento (CE) 1221/97, do Consello, do 25 de xuño, polo que se establecen as normas xerais de aplicación das medidas destinadas a mellora-la produción e comercialización do mel.

f) En aceite de oliva:

Non se concederán axudas para novas plantacións de oliveiral, agás para os casos de substitución de plantacións con variedades probadas de calidade, sen que iso supoña incremento das producións de referencia actuais.

g) En froitas e hortalizas:

O plan de mellora deberá incluír información da produción e comercialización dos produtos da explotación, cantidades acollidas a retirada se a houbese e calendario comercial da explotación, así como as producións esperadas nos dous anos seguintes á súa realización. A Comunidade Autónoma valorará os datos achegados tendo en conta a tendencia dos mercados.

h) En tabaco:

Concederanse axudas unicamente para os investimentos que se relacionan a continuación sempre e cando se realicen en coherencia coa cota de produción:

Invernadoiros e equipos auxiliares para a produción de plantas en alcouves.

Tractores e apeiros para a preparación do solo e a realización de labores de cultivo.

Máquinas trasplantadoras.

Despuntadoras e equipos de tratamentos fitosanitarios e de inhibidores de abrochos.

Máquinas colleitadoras de tabaco por follas e por planta enteira, semiautomáticas e automáticas.

Equipos complementarios de recolección e transporte.

Instalacións (secadoiros) e equipos auxiliares de curado de tabaco por folla e planta enteira.

i) En viñado:

Non se concederán axudas para a reestruturación dos viñedos que se establece no Regulamento (CE) 1493/1999, do Consello, do 17 de maio de 1999, polo que se establece a organización común do mercado vitivinícola.

ANEXO II

Condicións dos plans de mellora

A) Condicións dos plans de mellora:

1. O plan de mellora deberá demostrar, mediante cálculos específicos, que os investimentos están xustificadas desde o punto de vista da situación da explotación e da súa economía e que a súa realización suporá unha mellora duradeira de tal situación.

Para estes efectos, considerarase que un plan de mellora cumpre as condicións establecidas no parágrafo anterior, cando, trala súa realización, non diminúa a renda unitaria de traballo da explotación ou, nos casos nos que se incremente o número de UTA, dela, non diminúa a súa marxe neta.

Así mesmo, deberá incluír:

a) Unha descrición das situacións anterior e posterior á realización do plan de mellora, establecidas en función dun orzamento estimativo e comprendendo, cando menos, os seguintes datos:

1.º Superficie da explotación, especificando a dos distintos cultivos, e cabezas de gando, por especies, e rendementos medios de cada actividade productiva.

2.º Maquinaria e equipo, melloras territoriais e edificios.

3.º Composición e dedicación da man de obra familiar e asalariada.

4.º Producción bruta de cada actividade.

5.º Gastos de cada actividade productiva e gastos fixos do conxunto da explotación.

b) Unha indicación das medidas e, en particular, dos investimentos previstos. Considerando como importe dos investimentos previstos obxecto de axuda, o resultante de minora-lo seu custo total cos ingresos derivados dos elementos da explotación substituídos ou suprimidos.

2. Cando, polo carácter especializado da explotación obxecto da axuda, o plan de mellora inclúa transformacións e melloras comprendidas nos programas vixentes de reordenación sectorial ou que no futuro se establezan, o dito plan de mellora, para poder beneficiarse das axudas deste real decreto, deberá axustarse ós criterios de carácter técnico e económico establecidos en cada programa sectorial.

3. Os investimentos incluídos nos plans de mellora correspondentes a varias explotacións individuais, sen obxectivo de fusión posterior, poderán ser realizados en común, na súa totalidade ou parcialmente.

B) Cálculo da renda unitaria de traballo:

Aplicaranse os criterios establecidos na Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 13 de decembro de 1995 pola que se desenvolve a disposición derradeira sexta da Lei 19/1995.

ANEXO III

Convenios de colaboración con entidades financeiras

1. Os convenios de colaboración con entidades financeiras incluírán as seguintes modalidades de préstamo:

Liña de axuda	Condições do investimento		Modalidade do préstamo	
	Tipo	% do tipo/total	Plazo de amortización — Anos	Período de carencia — Anos
Primeira instalación e plans de mellora.	Adecuación do capital territorial. Adquisición e mellora de vivenda. Pagamento de dereitos hereditarios	≥ 65	15	3
	Bens mobles	< 25	10	2
	Bens mobles	< 65 e ≥ 25	8	1
	—	—	5	0

Os beneficiarios nos que concorran as circunstancias indicadas nalgunha das tres primeiras modalidades de préstamo, poderán optar, ademais, por calquera das sinaladas de menor duración.

2. O pagamento das axudas en forma de bonificación de xuros suxeitarase ás seguintes regras:

a) A débeda á entidade financeira polas bonificacións correspondentes a cada liquidación periódica de xuros considerarase vencida, líquida e esixible no momento determinado no correspondente convenio de colaboración coa entidade financeira.

b) Estes pagamentos por vencementos sucesivos entenderanse como pagamentos á conta da axuda total concedida ó beneficiario en forma de bonificación de xuros; o seu axuste definitivo basearase na certificación final de realización do investimento obxecto de axuda emitida pola comunidade autónoma.

c) Malia o establecido na alínea a), o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as entidades financeiras e de aval poderán acordar en calquera momento, para a totalidade ou parte dos préstamos concedidos no marco dos respectivos convenios subscritos, o aboamento anticipado de todas ou parte das axudas pendentes de pagamento, calculando para tal efecto o importe equivalente delas na data, coa taxa e nos termos que entre si conveñan.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá aboar anticipadamente, en calquera momento, unha vez recibida a certificación final de realización de investimentos, a totalidade ou parte das axudas para a minoración das anualidades de amortización dos préstamos concedidos ó amparo de calquera das normativas reguladoras desta forma de axuda.

ANEXO IV

Determinación da subvención equivalente á bonificación de xuros dos préstamos

A subvención equivalente ó importe total da axuda en forma de bonificación de xuros dos préstamos, por cada 100 pesetas ou euros de principal e por cada punto de xuro bonificado, calculada ó primeiro vencemento semestral de xuros, a unha taxa do 3 por 100 de xuro nominal anual, será:

Modalidade de préstamo		Subvención equivalente por cada 100 pesetas ou euros de principal e por cada punto de xuro bonificado, en pesetas ou euros, respectivamente
Plazo de amortización — Anos	Período de carencia — Anos	
5	0	2,86387983
8	1	4,62853283
10	2	5,88881731
15	3	8,20136393

11347 REAL DECRETO 558/2001, do 25 de maio, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de cans de raza pura. («BOE» 142, do 14-6-2001.)

O Real decreto 391/1992, do 21 de abril, polo que se regula o recoñecemento oficial das organizacións ou asociacións de criadores de animais de raza que leven ou creen libros xenealóxicos, incorpora ó ordenamento xurídico interno a Directiva 91/174/CE, do 25 de marzo, relativa ás normas zootécnicas e xenealóxicas que regulan a comercialización de animais de raza e pola que se modifican as Directivas 77/504/CEE e 90/425/CEE.

O citado real decreto contén os criterios de harmonización que deben rexer en materia das razas animais incluídas no anexo II do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea que non dispoñen de normativa específica na materia. Procede, polo tanto, conte-lo desenvolvemento normativo dos mencionados criterios para as razas animais da especie canina.

Nesta disposición establécese a regulación normativa referente ós requisitos que teñen que cumprilas organizacións ou asociacións de cans de raza pura para o seu recoñecemento oficial para levar ou crear libros xenealóxicos e os criterios de inscrición dos cans de raza pura nestes libros ou rexistros.

Tendo en conta a gran diversidade de razas caninas e as implicacións que estas teñen nos diversos sectores de actividades, como a gandería, o deporte, a caza, a sanidade, o ocio, ou a seguridade pública, e sendo conscientes da necesidade de garanti-lo correcto desenvolvemento desta actividade, resulta necesario establecer un marco normativo uniforme común a tódalas razas